

O discurso espurio do Xefe Seattle Por Santiago Lopo

O Xefe Seattle (ou Sealth na forma máis aproximada á lingua nativa) sempre foi considerado como o autor dun fermoso discurso en defensa da natureza e dos dereitos dos indios fronte a invasión do home branco. Sen embargo, é imposible demostrar a veracidade da súa autoría, e, o que é máis abraiante, a versión máis estendida foi inventada en gran parte nos anos setenta por un guionista de cine estadounidense. A continuación vertemos un pouco máis de luz sobre esta sorprendente historia.

¿Quen foi o Xefe Seattle?

Calcúlase que o Xefe Seattle naceu en torno ó ano 1786. Seu pai, Schweabe, era xefe do poboado suquamish máis importante de Agata Pass e súa nai, Scholitz, era filla dun xefe duwamish de Green River. Entre 1805 e 1806, Seattle gañou numerosas loitas contra outras tribos indias de Green River e de White River, converténdose en xefe dos suquamish e dos duwamish. Ó redor de 1820 tivo a súa primeira descendente, chamada Kickisomlo, unha nena coñecida polos colonos como a Princesa Angeline. En 1832, a Hudson's Bay Company deu en construír un asentamento comercial en Nisqually Prairie e Seattle aproveitou esta situación para fortalecer as alianzas cos colonos a través do comercio. En 1848 decidiu bautizarse, tomando o nome de Noé. Seus fillos tamén foron bautizados, e a súa conversión e a do seu pobo, marcou a fin dunha época guerreira e o comezo da cooperación cos colonos. Instalouse en Olympia para comerciar cos brancos, acadando o seu maior éxito en 1852, ó convencer o comerciante David S. Maynard para que trasladase os seus almacéns de Olympia ó poboado de Duwumps, que o propio Maynard nomearía como Seattle, en honor ó xefe indio.

A finais de 1854, o gobernador Isaac Ingalls Stevens, graduado en West Point e veterano da guerra de México, chegou ó estado de Washington para intentar trasladar a unha reserva os nativos da zona. Nas negociacións, o Xefe Seattle foi o portavoz dos suquamish e dos duwamish, aceptando a proposta do gobernador. O resultado foi o Tratado de Point Elliott¹, asinado en 1855 por quince tribos². Seattle foi o primeiro en asinar, cedendo 2,5 millóns de acres de terra, obtendo a cambio unha reserva para os suquamish e nada para os duwamish³. Sen embargo, moitos xefes indios non aceptaron o tratado e decidiron acudir ás armas, rebelándose contra os colonos, o que deu lugar á chamada «Guerra do Tratado» de 1856. Nesta guerra inclúese o episodio da «Batalla de Seattle» (26-1-1856), unha escaramuza dun día na que un millar de nativos tentou atacar a cidade. Algúns indios (seguramente Seattle estaba entre eles) avisaron das intencións dos nativos ós colonos, e o ataque foi repelido coa axuda dun navío de guerra e dos marines. As represalias non tardaron moito en chegar. O gobernador acusou os xefes dos nisqually e dos yakima de promover a revolta e foron executados. Durante este período bélico, no que se sucederon vinganzas sangrentas por ambos lados, Seattle mantívose ó lado dos colonos. Despois da derrota final dos nativos rebeldes, Seattle tentou actuar como un mediador e resolver disputas entre as diferentes tribos, mentres procuraba mellorar nas condicións de vida do seu pobo. Recibiu a confirmación cristiá en 1864, e nos seus derradeiros anos actuou coma xuíz nos consellos das tribos. Seattle morreu o 7 de xuño de 1866. Segundo o historiador Clarence Bagley ó seu funeral acudiron indios e tamén homes brancos. Pero o certo é que ningún dos xornais da época cubriu ó enterro, nin tampouco existen datos que acrediten a asistencia dos colonos fundadores da cidade, noutros amigos do xefe. Dende a súa tumba na península de Kitsap,

pódese ver a moderna cidade de Seattle a través de Puget Sound. Hoxe en día existen varios monumentos en honor ó Xefe Seattle: unha estatua na Quinta Avenida e en Cedar Street en Seattle, un busto de bronce na Seattle University, a Sealth High School en Seattle, o selo oficial da Cidade de Seattle, e un monumento histórico na súa tumba en Suquamish. Cada ano, en agosto, celébrase o Chief Seattle Day.

O discurso «orixinal»

Como xa mencionamos, en 1854 o novo gobernador do estado de Washington, Isaac Stevens, comezou o longo proceso de facer tratados cos pobos nativos do Pacífico noroccidental. O seu propósito era claro: os indios debían entregar as súas terras ós colonos a cambio de pequenas reservas. En decembro de 1854, David Maynard arranxou un encontro entre o gobernador e os nativos. Os indios congregáronse nunha praia próxima. Dise que nesta reunión, o Xefe Seattle realizou un apaixonado discurso na súa lingua materna. Mentres Seattle falaba, o doutor Henry Smith tomou unhas notas coas que puido reconstruír, trinta e tres anos despois, o famoso discurso, publicándoo o 29 de outubro de 1887 no xornal Seattle Sunday Star. Hai que destacar que este discurso non se pronunciou con ocasión da sinatura do tratado de Point Elliott, senón que foi unha especie de benvida india oficial ó gobernador que acababa de chegar, na que Seattle declaraba ás súas intencións ante os futuros proxectos dos homes brancos.

Fragments dun diario: o Xefe Seattle, un cabaleiro por instinto. A súa elocuencia nativa⁴.

Por Henry A. Smith.

O vello xefe Seattle foi o indio máis corpulento que nunca vin, e, con diferenza, o de aspecto máis nobre. Erguía seis pés de altura por riba dos seus mocasíns, de peito e costas anchas, moi ben proporcionado. Os seus ollos eran grandes, intelixentes, expresivos e amigables cando estaban en repouso, e reflectían fielmente os cambios de humor da gran alma que ollaba a través deles. Normalmente era solemne, silencioso e nobre, pero nas grandes ocasións movíase entre a multitude coma un titán entre liliputienses, e a súa máis mínima palabra era lei. Cando se erguía para falar no consello ou para ofrecer a súa opinión, todos os ollos xiraban cara a el, e dos seus beizos saían frases fondas, sonoras, e elocuentes como o tronar incesante das cataratas que flúen de ríos inesgotables. O seu magnífico porte era tan nobre coma o dos xefes militares máis cultivados ó mando das forzas dun continente. A súa elocuencia, dignidade e gracia non foran adquiridas. Eran tan nativas á súa condición de home como as follas e os gromos son á améndoa en flor. A súa influencia era formidable. Podería ter sido un emperador pero todos os seus instintos eran democráticos, e gobernaba os seus fieis súbditos con bondade e benignidade paternal. Sempre se sentiu adulado pola atención acusada dos homes brancos, e nunca tanto como cando sentaba ás súas mesas. En tales ocasións manifestaba máis que en calquera outra parte os instintos xenuínos dun señor. Cando o gobernador Stevens chegou por primeira vez a Seattle e díxolles os nativos que o nomearan comisionado de asuntos indios para o territorio de Washington, déronlle unha calorosa recepción diante da oficina do Doutor Maynard,

preto do peirao en Main Street. A baía ateigouse de canoas. Unha masa vivinte de humanidade de cor morena, que oscilaba e se retorecía, aliñábase fronte á costa, ata que o vello Xefe Seattle entoou unha voz de trompeta que redobrou por riba da inmensa multitude, coma un tambor tocando diana. O silencio fíxose instantáneo e perfecto, como o que segue a un trono nun ceo claro. O Doutor Maynard presentou entón o gobernador ante a multitude nativa, e de seguida comezou, nun estilo conversador, sinxelo e sincero, unha explicación da súa misión entre eles, que estaba claro que requiría a capitulación. Cando sentou, o Xefe Seattle ergueuse coa dignidade dun senador que leva as responsabilidades dunha gran nación ás súas costas. Poñendo unha man enriba da cabeza do gobernador e sinalando de vagar cara o ceo co índice da outra, empezou o seu memorable discurso en tons solemnes e impresionantes.

«Este ceo que chorou bágoas de compaixón por nosos pais durante infinidade de séculos, e que parece eterno para nós, pode mudar. Hoxe despexado, mañá pode estar cuberto de nubes. As miñas palabras son coma estrelas que nunca se apagan. O gran xefe, Washington [1], pode confiar no que di Seattle, con tanta certeza coma os nosos irmáns do rostro pálido poden contar co retorno das estacións. O fillo do xefe branco di que seu pai nos envía saúdos de amizade e boa vontade. É moi amable, xa que sabemos que a penas precisa da nosa amizade, porque o seu pobo é moi numeroso. Son como a herba que cubre as inmensas praderías, mentres que nós somos poucos, e parecemos as árbores espalladas dunha pradería varrida pola treboada.

O gran, e eu supoño tamén bo, xefe branco, fainos saber que quere mercar as nosas terras, pero quere permitirnos reservar territorio abondo para vivir comodamente. De feito, isto semella xeneroso, pois o home vermello xa non ten dereitos que haxa que respectar, e a oferta tamén pode ser sabia, pois nós xa non necesitamos un gran país. Houbo un tempo no que o noso pobo cubría toda a terra, como as ondas dunha mar rizada cobren o seu chan feito de cunchas. Pero ese tempo xa morreu hai moito, xunto á grandeza de tribos agora case esquecidas. Non lamentarei a nosa caída prematura, nin reprocharei ós meus irmáns de rostro pálido que a acelerasen, a nós tamén se nos podería culpar.

Cando os nosos mozos montan en cólera por algún mal real ou imaxinario, e desfiguran as súas caras con pintura negra, os seus corazóns tamén se desfiguran e se volven negros, e entón a súa crueldade é implacable e non coñece límites, e os nosos anciáns non son quen de refrealos.

Pero esperemos que as hostilidades entre o home vermello e seus irmáns de rostro pálido non volvan endexamais. Teríamos todo que perder e nada que gañar.

Verdade é que a vinganza, para os nosos valentes mozos, considérase unha victoria, mesmo a costa da súa propia vida. Pero os anciáns que quedan na casa en tempos de guerra, e as anciás que teñen fillos que perder, son máis sabios.

Noso gran pai Washington, xa que eu supoño que agora é noso pai así coma o voso, dende que George desprazara os seus límites ó norte, noso gran e bondadoso pai, digo, envíanos unha mensaxe por seu fillo, que, sen

ningunha dúbida, é un gran xefe entre o seu pobo, e dinos que se facemos o que desexa, protexeranos. Os seus valentes exércitos serán para nós un potente muro afiado, e os seus grandes buques de guerra encherán os nosos portos de maneira que os nosos antigos inimigos do norte, os tsmshiams e os hydas, xa non asustarán as nosas mulleres e anciáns. Daquela será noso pai e nós seremos seus fillos. ¿Pero pode isto ser posible? O voso Deus ama o voso pobo e odia o meu; pousa os seus fortes brazos con amor ó redor do home branco, levándoo coma un pai leva o seu cativo, pero desamparou seus fillos vermellos. El fai que o voso pobo sexa máis forte cada día, e pronto encheredes a terra; namentres, o meu pobo vai minguando como a marea que baixa rápida, e que nunca volverá. O Deus do home branco non pode amar seus fillos vermellos, senón os protexería. Parecen orfos e non poden buscar axuda en ningunha parte. ¿Como podemos daquela converternos en irmáns? ¿Como pode o voso pai converterse no noso, traernos prosperidade e espertar en nós soños de regreso á grandeza?

Seméllanos que o voso Deus é parcial. Acudiu ó home branco. Nunca O vimos; nunca sentimos a Súa voz; deulle leis ó home branco pero non tivo ningunha palabra para Seus fillos vermellos, que por moitos millóns encheron este inmenso continente como as estrelas enchen o firmamento. Non, somos dúas razas distintas e así debemos seguir. Hai moi pouco en común entre nós. As cinzas dos nosos antecesores son sagradas e o seu lugar de descanso final é terra santa. Namentres, vós aventurádesvos lonxe das tumbas dos vosos pais, aparentemente sen pesar.

A vosa relixión foi escrita en táboas de pedra polo dedo de ferro dun Deus anoxado, para que non esquecerades. O home vermello nunca podería recordar nin comprendelo.

A nosa relixión son as tradicións dos nosos antecesores, os soños dos nosos anciáns, outorgados polo Gran Espírito, e as visións dos nosos *sachems*. Está escrita nos corazóns do noso pobo.

Os vosos mortos deixan de amarvos a vós e os seus fogares natais tan pronto como atravesan os portais da tumba. Vagan máis aló das estrelas, son esquecidos pronto e nunca regresan. Os nosos mortos nunca esquecen o fermoso mundo que os fixo existir. Aínda aman os seus ríos sinuosos, as súas grandes montañas e os seus vales recollidos, e, ás veces, co seu máis tenro cariño, anhelan os solitarios seres con corazón, e a miúdo regresan para visitalos e confortalos.

O día e a noite non poden morar xuntos. O home vermello sempre fuxiu do achegamento do home branco, como as brétemas cambiantes das ladeiras foxen ante o chameante sol da mañá.

Sen embargo, a vosa proposta paréceme xusta, e penso que a miña xente a aceptará, retirándose á reserva que lles ofrecedes, e viviremos illados e en paz, xa que as palabras do gran xefe branco parecen ser a voz de natureza falándolle ó meu pobo da escuridade espesa que se congrega rapidamente ó seu redor coma unha densa bruma, provinte do mar de media noite, que flota cara ó interior da terra.

Pouco importa onde pasemos o resto dos nosos días. Non son moitos. A noite do indio promete ser escura. Ningunha estrela luminosa estrelece no horizonte. Ventos de voz triste xemen na distancia. Algunha vinganza inexorable contra a nosa raza está no camiño do home vermello, e onde queira que este vaia, sentirá os pasos seguros do cruel destructor

achegándose, e preparárase para recibir a súa condena, como fai a gama ferida que sente os pasos do cazador achegándose. Unhas cantas lúas máis, uns cantos invernos máis, e nin un só dos poderosos hóspedes que unha vez encheron esta ancha terra, ou que agora vagan fragmentados en grupos por estas inmensidades, quedarán para chorar sobre as tumbas dun pobo que unha vez demostrou ser tan poderoso e esperanzado coma o voso.

¿Pero por que teríamos que queixarnos? ¿Por que debería murmurar ante o destino do meu pobo? As tribos están formadas por individuos e non son mellores ca eles. Os homes van e veñen como as ondas do mar. Unha bágoa, un tamanawus, unha endecha, e vanse dos nosos ollos nostálxicos para sempre. Mesmo o home branco, que camiñou e falou co seu Deus, de amigo a amigo, non está exento do destino común. Podemos ser irmáns, despois de todo. Veremos.

Estudiaremos a vosa proposta, e cando decidamos, avisarémovos. Pero de aceptármola, eu, aquí e agora, poño esta primeira condición: que non se nos negue o privilexio, sen nos molestar, de visitarmos a vontade as tumbas dos nosos antecesores e amigos. Cada anaco deste país é sagrado para o meu pobo. Cada ladeira, cada val, cada pradería e fraga foi santificada por algunha lembranza afectuosa ou algunha triste experiencia da miña tribo. Mesmo as rochas que parecen quedar mudas cando se abrasan baixo o sol ó longo da silenciosa costa, nunha grandeza solemne, estremécense coas lembranzas de acontecementos pasados ligados ó destino do meu pobo; e o propio po baixo os vosos pés responde con máis agarimo ós nosos pasos cós vosos, porque é a cinza dos nosos antecesores; os nosos pés descalzos son conscientes dese toque amable, pois a terra enriquecese coa vida dos nosos parentes.

Os nosos valentes, as nais agarimosas, as damas de corazón ledo e os nenos que aquí viviron alegres, dos cales os nomes xa están esquecidos, aínda aman estas inmensidades, e á noite a súa fortaleza faise sombría coa presenza de espíritos escuros. E cando o último home vermello pereza na terra e a súa lembranza entre os homes brancos se converta nun mito, os mortos invisibles da miña tribo pulularán por estas ribeiras, e cando os fillos dos vosos fillos pensen que están sós no campo, no comercio, na tenda, na estrada ou no silencio da fraga, non estarán sós. En toda a terra non hai ningún lugar dedicado á soidade. Á noite, cando as rúas das vosas cidades e pobos estean en silencio, e pensedes que están desertas, estas ateigaranse cos hóspedes que regresan, aqueles que encheron e aínda aman esta fermosa terra. O home branco nunca estará só. Sede xustos e bondadosos co meu pobo, pois os mortos non son de todo impotentes.»

Outros oradores seguiron, pero non tomei notas. A resposta do Gobernador Stevens foi breve. Limitouse a prometerlles que se reuniría con eles nunha futura ocasión, nun consello xeral, para debater o tratado proposto. A promesa do Xefe Seattle de adherirse ó tratado, se se ratificase algún, recolleuse na carta, xa que sempre fora o amigo firme e fidel do home branco. O anterior é só un fragmento do seu discurso, e carece de todo o encanto ofrecido pola gracia e seriedade do vello orador nativo, e carece da ocasión.

[1] Ó principio, os indios pensaban que Washington aínda estaba vivo. Sabían que era o nome dun presidente, e cando oíron que o presidente estaba en Washington, confundiron o nome da cidade co do xefe no poder. Tamén pensaban que o Rei George era aínda o monarca de Inglaterra, porque os comerciantes de Hudson Bay chamábanse a si mesmos «os homes do Rei George». A compañía era sutil de abondo como para non explicarlles esta inocente decepción, xa que así os indios lles tiñan máis respecto do que demostrarían de saberen que Inglaterra era gobernada por unha muller. Algúns de nós témolo mellor aprendido.

Aquí acaba o texto do Doutor Smith. Este home non falaba o dialecto do Xefe Seattle, o lushootseed, así que se supón que un intérprete traduciu as palabras do Xefe Seattle ó chinook, a lingua franca comercial da costa noroccidental, e logo, outro intérprete traduciu ó inglés. Non sabemos se Smith tomou as notas en chinook ou en inglés. Todo o que sabemos é que o texto de Smith contén un inglés típico do século XIX, ateigado de figuras retóricas. Ademais, os símiles que Smith fai na introducción coinciden en estilo cos do discurso do Xefe («...elocuentes como o tronar incesante das cataratas que flúen de ríos inesgotables...»; «...tan nativas á súa condición de home como as follas e os brotes son á amendoa en flor...»). O biógrafo do doutor describiuno como «un médico competente, un poeta de talento extraordinario e un bo escritor». Cómpre destacar que moitos intelectuais románticos da época estaban en contra da política antiindia do goberno e queixábanse da súa falta de respecto coa natureza.

En suma, non se pode probar que o material que Smith publicou no Seattle Sunday Star fora auténtico. O único que coñecemos é que trinta e tres anos despois dun discurso, baseándose nunhas notas que nin sequera estaban na lingua orixinal, senón que formaban parte dunha suposta tradución simultánea, Smith construíu un texto moi aceptable dende o punto de vista estilístico. Existe a posibilidade de que a mente romántica de Smith inventase nunha boa porcentaxe o discurso, idealizando a figura do gran xefe, prototipo do *bon sauvage*. Sen dúbida, Seattle foi un home intelixente, dun gran carácter político, e cunha boa intuición que lle indicou que non poderían vencer o home branco, e que unha guerra sería a excusa excelente para que o gobernador Stevens os exterminase. Tivo sona de ser un xefe que buscaba a paz e non tiña reparos en moverse no ambiente dos colonos. Sen embargo, tamén existen voces críticas que afirman que debería ter loitado canda os seus irmáns doutras tribos, aínda que iso significase a súa morte e a do seu pobo. Certamente, trátase dunha cuestión difícil de dilucidar, sobre todo dende a nosa perspectiva actual.

Chegados aquí, poderíamos preguntarnos se non existe ningún documento oficial estadounidense que recollera algunha palabra do Xefe Seattle ó longo da súa vida. A resposta é que no Bureau of Indian Affairs (Oficina de Asuntos Indios) dos Arquivos Nacionais de Washington D.C, existen catro pequenos discursos recollidos polos cronistas oficiais en varios momentos da vida de Seattle. Non teñen nada que ver co estilo retórico do texto de Smith, e son os únicos documentos históricos «reais» que temos. De todos xeitos, está claro que sempre son transcricións de traducións simultáneas, recollidas polos funcionarios estadounidenses. Dous textos pertencen ás negociacións do tratado de Point Elliott. O 22 de xaneiro de 1855, despois do seu propio discurso, o gobernador Stevens preguntou se alguén tiña algo que obxectar ó que acabara de dicir, e invitou o seu «venerable amigo» Seattle (KAISER 1987: 533) a que dese a súa opinión. Segundo o manuscrito orixinal, Seattle dixo:

«Considérote meu pai. Eu e o resto mirámoste como tal. Todos os indios temos o mesmo sentimento bo cara a ti e enviáremosllo nun papel ó Gran Pai. Todos eles, homes, anciáns, mulleres e nenos alégranse de que el te enviase para coidalos. O meu pensamento é coma o teu. Non quero dicir máis. O meu corazón é moi bo co Doutor Maynard. Sempre quero obter as medicinas del.»

Ó día seguinte, as actas do tratado recollen:

«Entón Seattle, en nome de si mesmo e dos outros xefes sacou unha bandeira branca e presentouna dicindo: agora, facendo isto, volvémonos amigos e afastamos os malos sentimentos, se algunha vez existiron. Somos amigos dos americanos. Todos os indios pensan igual. Considerámoste noso pai. Nunca mudaremos a nosa opinión, viñeches vernos e sempre seremos iguais. Agora, envía este papel dos nosos corazóns ó Gran Xefe. É todo o que teño que dicir.»

A parte destes dous breves discursos, existen outros dous fragmentos de discursos nos arquivos: o primeiro ten que ver coa sinatura do tratado e foi recollido polo intérprete oficial, o coronel B. F. Shaw. O segundo é unha queixa feita por Seattle en 1858. Laméntase de que o tratado de Point Elliot non fora ratificado polo senado, deixando os indios na pobreza e cunha saúde precaria.

As outras versións

Ademais da primeira versión de Smith, existen varias máis, das cales a do guionista da igrexa baptista, Ted Perry, é a máis coñecida. De feito, usurpa a praza da orixinal, e case todas as versións escritas do discurso (carteis, libros, citas en monumentos) proveñen da imaxinación deste guionista e do plaxio dos baptistas. Pero a versión de Perry tamén sufriu modificacións por parte de terceiros. En resumo, semella que todo o mundo lle engadiu algo de colleita propia ó texto, facéndoo irrecoñecible. Pero vaiaamos por partes.

En 1891, F. J. Grant publicou o texto enteiro de Smith na *History of Seattle*. O material de Smith permaneceu na escuridade durante corenta anos, ata que foi recuperado por Clarence B. Bagley no seu artigo «Chief Seattle and Angeline», publicado no *Washington Historical Quarterly* en 1931. Bagley modificouno, incluíndo estas liñas «Mortos, ¿dixen? Non hai morte, só un cambio de mundos» (KAISER 1987: 506). Este home descoñecía que estaba a marcar o comezo da espiral de modificacións que sufriría o discurso de Seattle ó longo da historia. En 1932, un pasquín asinado por John M. Rich, do cal hai copias na *Seattle Historical Society* e na biblioteca do Congreso estadounidense, publicou o famoso discurso na súa versión orixinal, contando tamén como chegou a dar co texto.

O discurso atravesou por unha segunda etapa de escuridade ata que William Arrowsmith, poeta e profesor da Universidade de Texas, escribiu unha nova versión do mesmo en 1969. Foi un intento por actualizar a lingua do texto fronte ó florido estilo victoriano de Smith. Excepto pola modernización é moi similar á primeira versión. Tres anos despois aparecería a versión de Perry, ou «versión baptista», que comentaremos polo miúdo na seguinte sección. Outra versión apareceu na Expo '74 en Spokane, no

estado de Washington; é unha versión acurtada do guión de Perry, pero na que se empregan as palabras, «Presidente en Washington» no canto de «Gran Xefe».

A versión baptista

En 1972, Dale Jones, representante da asociación Friends of Earth (Amigos da Terra) de Seattle leu o suposto discurso do Xefe nun xornal indio que xa non se edita (KAISER 1987: 513). Gustoulle, mandóullelo por correo a uns amigos e pouco despois comezou a editarse en varias publicacións como en *Environmental Action* (1972) ou na revista *Passages* (1974) da Northwest Orient Airlines. Pero, ¿onde conseguiu o texto aquel diario indio? A resposta é, cando menos, sorprendente: transcribírano a partir da cinta dunha emisión televisiva chamada *Home*, producida en 1972 pola Southern Baptist Convention (Convención Baptista do Sur). ¿Cal era a orixe desta emisión? Velaquí a resposta.

No inverno de 1971-72, Ted Perry, profesor universitario de Texas, traballaba como guionista para a Comisión de Radio e Televisión da Southern Baptist Convention. Un día, escoitou a lectura da «oración do Xefe Seattle» por parte do seu colega de universidade, o profesor William Arrowsmith no chamado Día da Terra, e pediulle permiso para utilizar a «oración» como base do guión para unha película. Arrowsmith aceptou. Os produtores querían un filme comprometido co medio ambiente, así que Perry teceu liñas propias entre os fragmentos do discurso do Xefe Seattle de 1854, para darlle un cariz máis ecoloxista. A productora tomouse a licencia literaria de dirixir a carta ó presidente Franklin Pierce. Perry agardaba aparecer nos créditos da película como autor do guión, pero cometeu o «erro» de incluír o nome do Xefe Seattle no texto. Segundo Perry (KAISER 1987: 514), o produtor non incluíu o seu nome nos créditos porque pensou que a película semellaría máis auténtica sen o crédito de «escrito por». Sorprendido, Perry cancelou os outros guións que os baptistas lle encargaran.

A continuación presentamos o texto de Perry⁵. En negriña aparecen as frases que gardan similitude coas do texto de Smith, aínda que en moitos casos Perry non respectou a orde textual do orixinal.

O Gran Xefe en Washington fainos saber que desexa mercar a nosa terra.

O Gran Xefe envíanos tamén palabras de amizade e de boa vontade. Isto é moi amable da súa parte, xa que sabemos que a penas precisa da nosa amizade. Sen embargo, **estudiaremos a vosa oferta**, pois sabemos que se non vendemos, os homes brancos poderán vir con pistolas e tomar a nosa terra .

¿Como se pode mercar ou vender o ceo, a calor da terra? Fáisenos estraña esa idea.

Se non posuímos o frescor do aire nin os reflexos da auga, ¿como podedes mercárnolo?

Decidirémolo chegado o momento.

O gran xefe en Washington pode confiar na palabra do Xefe Seattle, igual que os homes brancos poden contar co retorno das estacións. As miñas palabras son coma estrelas, nunca se apagan.

Cada anaco desta terra é sagrado para o meu pobo. Cada agulla resplandecente dos piñeiros; cada ribeira areosa; a bruma da fraga escura, cada claro e cada insecto que zoa son sagrados na memoria e na experiencia

do meu pobo. O zume que corre polas árbores leva as lembranzas do home vermello.

Os mortos do home branco esquecen a súa terra natal cando van camiñar entre as estrelas. Os nosos mortos nunca esquecen esta fermosa terra, porque ela é a nai do home vermello.

Somos parte da terra e ela é parte nosa. As flores que recenden son nosas irmás; o cervo, o cabalo, a gran aguiá, velaquí os nosos irmáns. Os cumios rochosos, a esencia das praderías, a calor do corpo do poldro, o home, todos pertencemos á mesma familia.

Así que cando o Gran Xefe en Washington di que nos quere mercar as terras, está pedindo moito de nós.

O Gran Xefe afirma que nos reservará un lugar para que vivamos comodamente. El será noso pai e nós seremos seus fillos.

Pero, ¿pode isto ser posible? **O voso Deus ama o voso pobo pero abandonou seus fillos vermellos.** Envía máquinas para axudar o home branco no seu traballo, e constrúe grandes pobos para el. **Fai o voso pobo máis forte cada día.** Pronto ocuparedes a terra igual que os ríos se precipitan canón abaixo despois dunha chuvía repentina. **Mais o meu pobo é unha marea minguante, endexamais regresaremos.**

Non, somos razas separadas. Os nosos nenos non xogan xuntos e os nosos vellos contan historias diferentes. Deus favorécevos, e nós somos orfos.

Así que estudiaremos a vosa oferta. Mais non será doado, xa que esta terra é sagrada para nós. Gozamos nestas fragas. Non sei. A nosa forma de ser é diferente da vosa.

A auga brillante que corre polos nosos ríos e regatos non é só auga, senón o sangue dos nosos antecesoros. Se vos vendemos a terra, haberedes lembrar que é sagrada, e que cada reflexo misterioso nas claras augas dos lagos conta feitos e lembranzas na vida do meu pobo. O murmurio da auga é a voz do pai de meu pai.

Os ríos son irmáns nosos, apagan a nosa sede. Os ríos levan as nosas canoas e alimentan nosos fillos. Se vendemos a terra, teredes que lembrar e aprenderlles a vosos fillos que os ríos son irmáns nosos e vosos, e que debedes, polo tanto, tratar os ríos igual que tratades un irmán.

O home vermello sempre retrocedeu ante o avance do branco, igual que a bruma da montaña foxe do sol da mañá. Pero as cinzas dos nosos pais son sagradas. As tumbas son terra santa, igual que estes outeiros e estas árbores; este anaco de terra estanos consagrado. Sabemos que o home branco non comprende a nosa forma de ser. Un anaco de terra parécelle igual có seguinte, pois el é un estraño que vén pola noite e leva da terra o que necesita. A terra non é súa irmá senón a súa inimiga, e cando a conquista segue avanzando. Deixa atrás as tumbas de seu pai e de seus fillos e non lle importa. Rouba a terra de seus fillos. Non lle importa. Esqueceu as tumbas de seu pai e a herdanza de seus fillos. Trata súa nai, a terra, e seu irmán, o ceo, coma cousas que se mercan, que se saquean, e que se venden, coma ovellas ou brillantes abelorios. O seu apetito devorará a terra, deixando atrás só un deserto.

Non sei. A nosa forma de ser é diferente da vosa. A visión das vosas cidades dana os ollos do home vermello. Quizais porque o home vermello é un salvaxe e non comprende.

Non existe un lugar tranquilo nas cidades do home branco. Ningún lugar onde se poda oír o despregue das follas na primavera ou o murmurio das ás dalgún insecto. Non comprendo, quizais porque son un salvaxe. O ruído só semella un insulto para o oído. ¿Para que vivir se un home non dá escoitado o berro solitario da noitarega ou as discusións nocturnas das ras nunha charca? Son un home vermello e non comprendo. O indio prefire o suave son do vento precipitándose sobre a superficie da lagoa e o olor do vento, limpo pola chuvia de mediodía, ou perfumado cos piñóns dos piñeiros.

O aire é precioso para o home vermello, pois todos compartimos o mesmo alento: os animais, as árbores, o home, todos comparten o mesmo alento. Pero semella que o home branco non nota o aire que respira. **Coma un home que agoniza dende hai varios días, non é capaz de sentir a súa propia pestilencia.** Mais se vendemos a nosa terra, debedes lembrar que o aire é precioso para nós, que o aire comparte o seu espírito con toda a vida que mantén. O vento que lle deu o primeiro alento a noso avó tamén recibe o seu derradeiro suspiro. E o vento tamén lle debe dar a nosos fillos o espírito da vida. E se vendemos a nosa terra, debedes protexela e mantela sagrada, coma un lugar onde mesmo o home branco poida ir saborear o vento adoçado polas flores da pradería. Así que **estudiaremos a vosa oferta de mercarnos a terra. Se decidimos aceptala, porei unha condición:** o home branco debe tratar os animais desta terra coma irmáns.

Son salvaxe, e non entendo outra forma de ser. Vin miles de búfalos podrecendo na pradería, abandonados polo home branco que lles disparara dende o tren. Eu son salvaxe e non entendo como o cabalo de ferro pode importar máis có búfalo, o cal nós matamos só para seguir vivos.

¿Que é o home sen animais? Se todos os animais desaparecesen, os homes morrerían dunha gran soidade de espírito. Porque todo o que lles acontece ós animais, pronto lle acontece ó home. Todas as cousas están relacionadas.

O que lle acontece á terra, acontécelle ós fillos da terra.

Debedes aprenderlle a vosos fillos que **o chan que pisan son as cinzas de nosos avós.** Para que respecten a terra, haberedes dicirlles que a terra alberga a vida dos nosos antecesoros. Aprendédelles a vosos fillos o que nós lles aprendemos ós nosos, que a terra é nosa nai. O que lle acontece á terra, acontécelle ós fillos da terra. Se os homes cospen na terra, cospen sobre si mesmos.

Isto sabemos: a terra non pertence ó home; o home pertence á terra. Isto sabemos. Todas as cousas están relacionadas, coma o sangue que une unha familia. Todas as cousas están relacionadas.

O que lle acontece á terra, acontécelle ós fillos da terra. O home non teceu a rede da vida, so é un mero fío. O que lle fai á rede, faillo a si mesmo.

Non, **o día e a noite non poden vivir xuntos.**

Os nosos mortos van vivir nos doces ríos da terra, regresan cos pasos silenciosos da primavera, e o seu espírito, que corre no vento, riza a superficie das lagoas.

Meditaremos por que o home branco desexa mercar a terra. ¿Que é iso de que o home branco desexa mercar?, pregúntame meu pobo. A idea fáisenos estraña. ¿Como se pode mercar ou vender o ceo, a calor da terra, a rapidez do antilope? ¿Como podemos vendervos esas cousas e como

podedes mercalas vós? ¿Acaso a terra é vosa para facer con ela segundo a vosa vontade, simplemente porque o home vermello asine un anaco de papel e llo dea ó home branco? Se non posuímos a frescura do aire e o brillo da auga, como nolo podedes mercar?

¿Como podedes mercar os búfalos, unha vez que xa matastes o derradeiro? Pero estudiaremos a vosa oferta, porque sabemos que se non vendemos, o home branco virá con pistolas e tomará a nosa terra. Pero nós somos primitivos, e no seu fugaz momento de forza o home branco cre que é un deus, que xa posúe a terra. ¿Como pode un home ser dono de súa nai?

Pero estudiaremos a vosa oferta de mercarnos as terras. **O día e a noite non poden vivir xuntos. Estudiaremos a vosa oferta de marchar para a reserva que tedes para o meu pobo. Viviremos a parte e en paz. Pouco importa onde pasemos o resto dos nosos días.** Nosos fillos viron seus pais humillados na derrota. Os nosos guerreiros sentiron vergonza; logo da derrota, volvéronse folgazáns, e contaminan os seus corpos con comidas febles e bebidas fortes. **Pouco importa onde pasemos o resto dos nosos días.** Non son moitos. Unhas poucas horas máis, **uns poucos invernos máis, e non quedará ningún dos fillos das grandes tribos que unha vez habitaron esta terra ou que agora recorren as fragas en pequenos grupos. Ningún que poida chorar nas tumbas dun pobo que unha vez demostrou ser tan poderoso e esperanzado coma o voso.**

¿Pero por que chorar a desaparición do meu pobo? As tribos están feitas de homes, máis nada. Os homes van e veñen, coma as ondas do mar.

Mesmo o home branco, que camiña e fala co seu Deus de amigo a amigo, non está exento do destino común. Podemos ser irmáns despois de todo; veremos. Unha cousa sabemos, que quizais un día o home branco descubra que o noso Deus é o mesmo Deus.

Podedes pensar que o posuídes a El igual que desexades posuír a nosa terra, mais non podedes. El é o Deus do home, e a Súa compaixón é igual cara ó home vermello que cara ó branco. A terra é preciosa para El, e danar a terra supón desprezar o seu Creador. Os brancos tamén morrerán; quizais antes que outras tribos. Seguidе contaminando o voso leite, e unha noite asfixiaredes no voso lixo.

Non obstante, na vosa morte brillaredes con forza, abrasados pola forza do Deus que vos trouxo a esta terra e que, por algunha razón, vos deu dominio sobre ela e sobre o home vermello. Ese destino é un misterio para nós, pois non comprendemos o feito de matar búfalos, de domar cabalos salvaxes. Non entendemos por que os currunchos secretos da fraga posúen o forte olor de moitos homes, nin por que os verdes outeiros están aldraxados por arames que falan. ¿Onde está a vexetación? Desapareceu. ¿Onde está a agüa? Desapareceu. ¿E que é dicir adeus ó veloz poldro e á caza? A morte da vida e o comezo da supervivencia.

Deus deuvos o dominio dos animais, das fragas e dos homes vermellos con algún propósito especial, pero ese destino é un misterio para o home vermello. Poderíamos comprender se coñecésemos os soños do home branco, as esperanzas que lles describe ós seus nenos nas longas noites de inverno, as visións que aviva nas súas mentes para que eles as desexen o día de mañá. Pero nós somos salvaxes. Os soños do home branco están ocultos para nós. E como están ocultos, seguiremos o noso camiño. Porque por

enriba de todo apreciamos o dereito de cada home a vivir como desexe, por moi diferente que sexa de seus irmáns. Temos moi pouco en común.

Así que estudiaremos a vosa oferta de mercarnos a terra. Se accedemos, será para asegurarnos a reserva que nos prometestes. Quizais alí poidamos vivir os nosos breves días como queremos.

Cando o derradeiro home vermello desapareza desta terra, e a súa lembranza sexa só a sombra dunha nube que se move pola pradería, **estas ribeiras e fragas aínda gardarán os espíritos do meu pobo.** Pois eles aman a terra coma o meniño que acaba de nacer ama os latidos do corazón de súa nai.

Se vos vendemos a nosa terra, amádeas coma nós a amamos. Coidádeas coma nós a coidamos. Gardade na vosa mente a lembranza da terra tal como está agora que a levades. E con toda a vosa forza, con toda a vosa intelixencia, con todo o voso corazón, preservádeas para vosos fillos e amádeas... como Deus nos ama a todos.

Unha cousa sabemos. O noso Deus é o mesmo Deus. Esta terra é preciosa para el. Nin sequera o home branco está exento do destino común. Podemos ser irmáns despois de todo. Veremos.

Este é o texto inventado por Ted Perry, que el mesmo atribuíu ó Xefe Seattle. De acordo coas declaracións de Perry, o guionista quere mostrarse como unha vítima da Igrexa Baptista (Arrowsmith tamén o apoia). Nunca saberemos se actuou de mala fe «deslizando» o nome de Seattle; el achácao a un erro. O texto ecoloxista de Perry, presenta varios anacronismos xunto a metáforas máis propias dun adolescente romántico. Igualmente, presenta un fondo evanxelizador propio da igrexa da que provén.

A versión baptista crea unha gran familia natural: os homes, os animais, as prantas son irmáns, a terra é nosa nai e os nosos deuses ou pais manteñen unha relación fraterna. Ademais, Perry comete algúns erros, que comentamos a continuación:

a) Na súa «oración», Seattle dinos que viu « ... miles de búfalos podrecendo na pradería, abandonados polo home branco que lles disparara dende o tren... ». O camiño de ferro transcontinental non foi completado ata 1869, quince anos despois do discurso, e a destrución das manadas de búfalos non comezou ata 1860. Ademais, ¿como é posible que un indio do Pacífico noroccidental coñecera as grandes planicies?

b) O Seattle de Perry afirma que « ... Seguíde contaminando o voso leite, e unha noite asfixiaredes no voso lixo... » Os estadounidenses daquela época aínda non tiñan o problema dos residuos e da súa reciclaxe, e probablemente os indios ata descoñecían o que era o lixo.

c) Hai varias contradicións no texto de Perry; primeiro, Seattle afirma que « ... Deus ama o voso pobo pero abandonou seus fillos vermellos... »; « ... Deus favorecevos, e nós somos orfos ... » Mais logo, Perry debeu de temer que a igrexa censurase esta afirmación un tanto herexe, e mudou radicalmente o discurso do seu Seattle: « ... o noso Deus é o mesmo Deus ... »; « ... El é o Deus do home, e a Súa compaixón é igual cara ó home vermello que cara ó branco... ». É evidente que comete un maiúsculo contrasentido, un erro grave de falta de coherencia textual.

d) A condición que Seattle lle impón ós brancos no texto de Smith é que lles deixen visitar en paz os camposantos dos seus antecesores, algo que semella lóxico tendo en conta a cultura india. Pero Ted Perry esquece esta condición, e o seu xefe ecoloxista só pide que o home branco « ... trate os animais desta terra coma irmáns... »

Despois de que o Consello Mundial de Igrexas reeditara o discurso nunha versión en libro, as traducións da declaración profética de Perry sucedéronse por todo o mundo, e diferentes personalidades políticas téñena empregado en actos ou libros, atribuíndolle as fermosas palabras ó xefe indio. En 1992, Al Gore empregou as liñas da «rede», mudándoas un chisco, pero poñéndoas en boca do Xefe Seattle na súa obra *Earth in the Balance*. Na primeira páxina dun libro de texto estadounidense da editorial Addison Wesley Longman, titulado *The Web of Life* (1998), os autores copian a idea da rede de Perry ou de Gore, poñéndoa sempre na boca do indio Seattle, pero lle dan un xiro politicamente correcto, substituíndo *Home e el*, por *nós* (BENETTA 1998). O discurso de Perry volveuse unha auténtica mina de ouro. Libros de literatura infantil que se basean na reprodución do discurso foron número un de vendas nos EEUU, sen contar os millóns de carteis, camisetas, chisqueiros e demais ferramenta que portan con honra «frases» do xefe. Algúns comparten a opinión de que se Ted Perry, creador desta saga, foi enganado pola igrexa e se sente culpable, podería facer un xesto de boa vontade, devolvendo o diñeiro que lle pagou a igrexa e mais o que provén dos dereitos de autor, para dállelo ós duwamish e ós suquamish que quedan en EEUU, descendentes de Seattle. Por certo, a imaxe do xefe tamén foi manipulada. Na súa única foto (feita pouco antes de morrer) aparece sentado e cos ollos pechados, pero existen copias onde ten os ollos abertos, noutras leva un bastón⁶, e noutras alguén lle puxo un corpo diferente.

Conclusión

Despois de todo o exposto, podemos concluír que é imposible demostrar a veracidade do célebre discurso do Xefe Seattle. Evidentemente, de todos os textos, o único que ten algo de rigor histórico, sen contar os anacos de discursos presentes nos arquivos de Washington, son as supostas notas de Smith, convertidas en artigo xornalístico. Nunca se atopou o seu caderno de notas, pero polo menos o seu discurso foi o primeiro que se publicou por alguén supostamente presente no acto. Demostrouse que as versións posteriores son invencións.

Parece que o home branco decidiu empregar o Xefe Seattle para difundir as ideas filosóficas en voga en diferentes épocas. Nos seus inicios, o chamado «discurso orixinal» do romántico Smith semella estar fortemente cargado das ideas do mito do *bon sauvage* que atopa as súa raíces en autores como Montaigne e posteriormente en Rousseau. A versión de Perry evoca máis o ecoloxismo actual, con orixe nos anos 60 e 70. O golpe de efecto de poñer as palabras nos beizos dun xefe indio vido a menos, dálle o carácter dramático e apocalíptico necesario en calquera sermón que se prece. De feito, moitos lle chaman o evanxeo do Xefe Seattle, debido ás modificacións que sufriu e porque a súa transmisión primixenia foi oral. En canto ás traducións ó español do texto de Perry, cómpre dicir que estas son máis que libres, e non é difícil intuír que tamén o traductor aporta unha miga da súa imaxinación retocando o falso orixinal. Claro que ás veces non sabemos se se trata dunha «invención da tradución» ou se xa o texto orixinal estaba alterado. En conclusión, asistimos a un caos absoluto de fontes alternativas, que se multiplican con tendencia ó infinito.

Numerosos medios de comunicación dedicaron artigos a denunciar o plaxio de Perry (Newsweek, The New York Times, etc.), e aínda así continúa o fraude. ¿Acaso a sociedade necesita dun líder ecolóxico coma Seattle? Algúns estudiosos do tema, como KAISER (1987: 518), e mesmo os descendentes de Seattle, como veremos a continuación, cren que o texto do discurso é válido polos ideais que defende, aínda que a autoría de Seattle sexa cuestionable. Pero outros non comparten esta opinión, sobre todo no caso do guión televisivo baptista. Cren que se utilizou a figura de Seattle coma un mero recurso estilístico, para acadar unha maior transcendencia e popularidade. Afirman que de non presentarnos un xefe indio, o sermón nunca tería tal transcendencia e quedaría esquecido, coma tantos outros manifestos ecolóxicos. Por último, conclúen que o uso do engano é denunciabile, máis se cabe cando se obtén beneficio económico a cambio.

A opinión dos descendentes de Seattle

Unión Libre tentou contactar coas tribos duwamish e suquamish. A máxima representante dos duwamish accedeu amablemente a darnos a súa opinión sobre unha serie de cuestións. Cremos que este é o mellor colofón que lle poderíamos dar a esta historia, e que cadaquén tire as súas propias conclusións.

Entrevista á Honorable Cecile Hansen⁷, presidenta da tribo duwamish.

- *¿Tentaron vostedes evitar o uso do discurso dos anos 70 en carteis ou libros?*
Non.

- *¿Están de acordo cos que din que o importante é a mensaxe e non importa se foi inventada?*

Si, cremos que a mensaxe é universal. Tamén entendemos que o xefe Sealth falaba a lingua lushootsheed (salish), e non inglés e o seu discurso foi interpretado polo doutor Henry A. Smith. O señor Smith era coñecido polo seu memorable estilo literario e aínda que descoñecemos a exactitude da súa tradución, temos que concluír que el estaba sensibilizado polos sucesos que acontecían ante os seus ollos, é dicir, o comezo do xenocidio dos duwamish e das tribos aliadas, e seguramente simpatizou co espírito da xente á que lle estaban a roubar a terra.

- *¿Cren que a lenda do Xefe Seattle foi favorecida por este engano?*

É ofensivo dicir isto, pensar que o Xefe Seattle é unha lenda que foi alimentada por un engano ou por un discurso inventado para manter o seu status. O Xefe Seattle ou Sealth foi un home, fillo dun xefe suquamish (Schweabe) e da filla (Scholitz) dun xefe duwamish, que foi un líder respectado polas dúas partes, e a quen se coñeceu pola súa forma de ser pacífica. Era visto como un home intelixente que loitaba por vivir entre os brancos que acababan de chegar. A min paréceme que unha lenda ten un carácter máis mítico. O Xefe Seattle foi un home real.

- *¿Cren que a sinatura do tratado de Point Elliott por parte do Xefe Seattle foi boa para a tribo duwamish? ¿E para os suquamish?*

A sinatura do Xefe Sealth foi, de feito, só un «x» porque non sabía escribir. Aparece coma o primeiro asinante do tratado de Point Elliott de 1855 para os territorios de Washington. Déuselle o seu nome á cidade de Seattle, e o feito de que fora o primeiro en asinar é crucial no intento dos duwamish por mudar unha decisión de 1976

que proclamou que os duwamish xa non existiamos como tribo. Levamos 23 anos neste proceso e estamos na fin desta viaxe. Sabemos que o feito de ser o primeiro asinante é dunha importancia suma, xa que proba que si existimos e que aínda estamos aquí, máis de cen anos despois.

Anexo I

TRATADO DE POINT ELLIOTT COS DWAMISH, SUQUAMISH, ETC. - 1855 (Ratificado o 8 de marzo de 1859)⁸

Acordo realizado e concluído en Muckl-te-oh, ou Point Elliott, no Territorio de Washington, neste vixésimo segundo día de xaneiro de mil oitocentos cincuenta e cinco, por Isaac I. Stevens, gobernador e superintendente de Asuntos Indios para o devandito Territorio, por parte dos Estados Unidos, e os xefes asinantes, caudillos e delegados dos dwamish, suquamish, sk-tahl-mish, sam-ahmish, smalh-kamish, skope-ahmish, st-kah-mish, snoqualmoo, skal-wha-mish, n'quentl-ma-mish, sk-tah-le-jum, stoluck-wha-mish, sno-ho-mish skagit, kik i-allus, swin-a-mish, squin-ah-mish, sah-ku-mehu, noo-wha-ha, nook-wa-chah-mish, mee-see-qua-quilch, che-bah-ah-bish, e outras tribos e bandas de indios aliadas ou subordinadas que ocupan terras do devandito Territorio de Washington, por parte das mencionadas tribos e debidamente autorizados por elas.

ARTIGO 1. Cesión de terras ós Estados Unidos e límites.

As ditas tribos e bandas de indios polo presente tratado ceden, abandonan, e transfiren ós Estados Unidos todo dereito, título, e interese sobre as terras e o territorio ocupado por eles, limitado e descrito como segue: comezando nun punto no lado oriental da Enseada do Almirantado, coñecido como Punta Pully, a metade de camiño entre as baías de Commencement e Elliott; dende aquí, cara ó leste, seguindo a liña norte das terras cedidas polo presente tratado ós Estados Unidos polos nisqually, puyallup, e outros indios, ata o cumio da cadea montañosa das Cascade; dende aquí, cara ó norte seguindo o cumio da devandita cadea ata o paralelo 49 de latitude norte; dende aquí cara ó oeste, ó longo do dito paralelo ata o medio do Golfo de Georgia; dende aquí, atravesando polo medio do dito golfo e a canle principal, a través da Canle de Arro ata os Estreitos de Fuca, e cruzando polo medio da Enseada do Almirantado ata Punta Suquamish; dende aquí cara ó sur, a través da península, e seguindo a divisoria entre a canle de Hood e a Enseada do Almirantado ata a zona de carga coñecida como Wilkes' Portage; dende aquí, cara ó norte, e seguindo a liña de terras cedidas polo presente tratado e do xeito mencionado ata Punta Southworth, no lado occidental da Enseada do Almirantado e dende aquí rodeando o pé da Illa de Vashon cara ó leste e cara ó sur ata o lugar de inicio, incluíndo as illas comprendidas nos ditos límites. Así mesmo, tamén ceden, abandonan, e transfiren todo dereito, título, e interese das devanditas tribos e bandas sobre calquera terra dentro do territorio dos Estados Unidos.

ARTIGO 2. Creación de reserva e prohibición de residir nela para os brancos carentes de permiso.

Sen embargo, polo presente tratado reservaráselles uso e ocupación ás devanditas tribos e bandas das seguintes extensións de terra, a saber: a cantidade de dúas seccións, ou mil douscentos oitenta acres, que rodean a cala na punta de Porto Madison, chamada polos indios Noo-sohk-um; a cantidade de dúas seccións, ou mil douscentos oitenta acres, na cara norte da baía de Hwhomish e a cala que dá á mesma, chamada Kwilt-seh-da, a península no extremo sureste da Illa de Perry, chamada Shais-quihl, e a illa chamada Chah-choo-sen, situada no río Lummi, no punto de separación

das desembocaduras que rematan na baía de Bellingham e no Golfo de Georgia respectivamente. Estas extensións serán reservadas, e ata onde sexa necesario, supervisadas e marcadas para o seu uso exclusivo; non se lle permitirá residir nas mesmas a ningún home branco sen o permiso das devanditas tribos ou bandas, e do superintendente ou axente. Non obstante, de ser preciso para conveniencia pública, poderá haber estradas que crucen as devanditas reservas, e os indios serán compensados por calquera dano que se lles faga.

ARTIGO 3. Creación doutra reserva para unha escola.

Tamén se reservan das terras cedidas polo presente tratado a cantidade de trinta e seis seccións, ou un municipio, na beira nororiental de Porto Gardner, ó norte da desembocadura do río Sno-homish, incluíndo a Baía de Tulalip e a devandita cala de Kwilt-seh-da, co propósito de establecer alí unha escola agrícola e industrial, como se menciona e acorda posteriormente, e con vistas a levar e establecer alí todos os indios que viven ó oeste das Montañas Cascade do devandito Territorio, COA CONDICIÓN DE QUE, sen embargo, o presidente pode establecer a axencia central e a reserva xeral noutro punto que xulgue beneficioso para os indios.

ARTIGO 4. Asentamento das tribos na reserva no período dun ano.

As devanditas tribos e bandas acordan trasladarse e establecerse nas devanditas reservas no ano seguinte á ratificación deste tratado, ou antes, se se lles outorgan os medios necesarios. Namentres, será legal que residan en calquera terra que non sexa reclamada ou estea, de feito, ocupada por cidadáns dos Estados Unidos, e en calquera terra reclamada ou ocupada, se teñen o permiso do propietario.

ARTIGO 5. Dereitos e privilexios garantidos ós indios.

Asegúraselles ós devanditos indios o dereito á pesca nos termos habituais, como a todos os cidadáns do Territorio, e o dereito de erixir casas temporais co propósito de cura, xunto ó privilexio da caza e recolección de bagas e raíces en terras abertas e non reclamadas. COA CONDICIÓN DE QUE, sen embargo, non recollan crustáceos de zonas acoutadas ou cultivadas por cidadáns.

ARTIGO 6. Pagamento e utilización da suma por parte dos Estados Unidos.

Considerando a mencionada cesión, os Estados Unidos acordan pagarlles ás devanditas tribos e bandas a suma de cento cincuenta mil dólares, da seguinte maneira: no primeiro ano posterior á ratificación, quince mil dólares; nos seguintes dous anos, doce mil dólares por ano; nos seguintes tres anos, dez mil dólares por ano; nos seguintes catro anos, sete mil cincocentos dólares por ano; nos seguintes cinco anos seis mil dólares por ano; e nos últimos cinco anos, catro mil douscentos cincuenta dólares por ano. Todas esas sumas de diñeiro serán destinadas para uso e beneficio dos devanditos, baixo a dirección do Presidente dos Estados Unidos, que pode, chegado o momento, determinar á súa discreción os propósitos beneficiosos nos que se gastarán esas cantidades; e o superintendente de Asuntos Indios, ou outro funcionario apropiado, informará anualmente ó Presidente dos desexos dos devanditos indios respecto a esta cuestión.

ARTIGO 7. *Traslado dos indios a outra reserva e asignación parcelaria a individuos.*

O Presidente pode, de agora en diante, cando na súa opinión os intereses do Territorio o requiran e cando se promova o benestar dos devanditos indios, trasladalos de UNHA ou de todas as reservas especiais feitas pola presente e levalos á reserva xeral, ou a outro lugar conveniente dentro do devandito territorio que el estime adecuado, compensándoos pola mellora das súas parcelas e polos gastos do traslado, ou centralalos con outras tribos ou bandas amigables; e tamén pode, á súa discreción, dividir o total ou calquera parte das terras reservadas polo presente tratado, ou outras terras que sexan seleccionadas no seu lugar, e asignar esas parcelas a individuos ou familias cando estes queiran acollerse a este privilexio, para que as utilicen coma fogar permanente nos mesmos termos e suxeitos ás mesmas regulacións estipuladas no sexto artigo do tratado cos omahas, mentres este estea en vigor. Calquera mellora substancial feita na súa parcela por un indio que estea obrigado a trasladarse a consecuencia deste tratado, será taxada baixo a dirección do Presidente e pagada de acordo a este tratado.

ARTIGO 8.

As anualidades das devanditas tribos e bandas non se empregarán para pagar as débedas de individuos.

ARTIGO 9. *Mantemento de relacións amigables, ausencia de ataques e guerras, entrega de delincuentes.*

As devanditas tribos e bandas recoñecen a súa dependencia do Goberno dos Estados Unidos, prometen ser amigables con todos os seus cidadáns, e comprométese a non atacar a propiedade de ditos cidadáns. Se un ou máis de entre eles violasen este compromiso, e se se demostra o feito satisfactoriamente diante do axente, devolverase a propiedade que se tomou, ou no seu defecto, se foi danada ou destruída, o goberno poderá realizar unha compensación restándoa das anualidades. Non lle farán a guerra a outra tribo, excepto en defensa propia, e levarán ante o goberno dos Estados Unidos ou o seu representante calquera tema de disputa entre eles e os outros indios, e aceptarán a súa decisión. E se calquera dos devanditos indios ataca os bens doutros indios dentro do Territorio, prevalecerá o mesmo regulamento descrito no artigo que versa sobre ataques contra cidadáns. E as mesmas tribos acordan que non protexerán ou ocultarán infractores das leis dos Estados Unidos, senón que os entregarán ás autoridades para seren xulgados.

ARTIGO 10. *Retención de anualidades para aqueles que beban licores, etc.*

As devanditas tribos e bandas desexan excluír das súas reservas o uso de licores, e evitar que o seu pobo os beba; por conseguinte, está previsto que calquera indio pertencente a unha das devanditas tribos, que sexa culpable de introducir licores nas mencionadas reservas, ou que beba alcohol, pode sufrir a retención da súa proporción das anualidades polo tempo que o Presidente determine.

ARTIGO 11. *Liberación de escravos e acordo para non adquirir outros.*

As devanditas tribos e bandas acordan liberar todos os escravos que posúen actualmente e non comprar ou adquirir outros de agora en diante.

ARTIGO 12. *Negativa a comerciar fóra dos Estados Unidos.*

As devanditas tribos e bandas acordan non comerciar na Illa de Vancouver ou en calquera outra parte fóra dos dominios de Estados Unidos, e non se permitirá que ningún indio estranxeiro resida nas súas reservas sen o consentimento do superintendente ou do axente.

ARTIGO 13. *Entrega de 15.000 dólares por gastos de traslado e instalación.*

Para permitir que os indios se trasladen e se establezan nas mencionadas reservas, e para que limpen, cerquen e parcelen unha cantidade suficiente de terra para cultivo, os Estados Unidos acordan pagarlles a suma de quince mil dólares que se investirán e gastarán baixo a dirección do Presidente, da maneira que el aprobe.

ARTIGO 14. *Creación de escola e varios establecementos, contratación de mestres, técnicos, médicos, etc.*

Dentro do ano seguinte á ratificación deste tratado, os Estados Unidos acordan establecer na axencia xeral do distrito de Puget Sound, e soster durante un período de vinte anos, unha escola agrícola e industrial gratuíta para nenos das devanditas tribos e bandas, e para os das outras tribos do mencionado distrito. Tamén enviará á dita escola un mestre ou mestres adecuados, creará unha ferrería e unha carpintería, e proveraaas coas ferramentas necesarias; contratará un ferreiro, un carpinteiro, e un granxeiro por un período de vinte anos para que instrúan os indios nas súas ocupacións respectivas. Finalmente, os Estados Unidos acordan contratar un médico que resida na mencionada axencia central, que ofrecerá medicinas e consello ós seus enfermos, e os vacinará; os gastos orixinados da escola, establecementos, persoas contratadas, e a asistencia médica serán costeados polos Estados Unidos e non serán deducidos das anualidades.

ARTIGO 15. *Entrada en vigor do tratado.*

Este tratado será obrigatorio para as partes contratantes tan pronto como se ratifique polo Presidente e o Senado dos Estados Unidos.

Anexo II

Grace J. Stevens (L.S.)
Gov. & Secy etc.

Seattle X Chief of the
Mish & Suquamish tribes Lt.

Pat. ka-namx Chief of the
qualmes, Suquamish & other tribes

Chew-it-hoot X Chief of the
mi and other tribes Lt.

Goliath X Chief of the
Skagit and other tribes Lt.

Kwallattumx or Gen. Pierce
Sub Chief of Skagit tribes Lt.


S-Moott-hoot X Lt.
Sub Chief of Suquamish

Snak-talc X a Bonaparte
Sub Chief of Suquamish Lt.

Squash-um X a The Smoke Lt.
Sub Chief of the Suquamish



À esquerda, folla do tratado de Point Elliott (1855), onde aparece, de primeira, a «sinatura» do Xefe Seattle, seguida das de outros xefes indios. Na esquina superior dereita, retrato do gobernador Stevens en 1862 vestido como xeneral da Guerra Civil Americana, na que morrería nese mesmo ano. Na esquina inferior dereita, retrato do Xefe Seattle realizado en torno a 1865.



Doutor Henry A. Smith

FONTES CONSULTADAS

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

KAISER, Rudolf (1987): «Chief Seattle's Speech(es): American Origins and European Reception» publicado en *Recovering the Word: Essays on Native American Literature*, University of California Press.

SEATTLE, GRAN JEFE (1995): *Nosotros somos una parte de la Tierra* (Trad. de Carmen Bravo-Villasante), Palma de Mallorca: Hesperus. (1ª publicación 1855)

INTERNET:

a) Artigos en versión electrónica

BENNETA, William J. (1998): «Fakery Squared», *The Textbook Letter*, November-December.

En www.textbookleague.org/95faker.htm

JEAN GREEN, Sara (2001): «Chief Seattle's tribe clings to its identity», *The Seattle Times*, Monday, June 18.

En www.seattletimes.nwsourc.com/html/localnews/134307867_duwamish18m0.html

JONES JR., Malcolm, SAWHILL, Ray (1992): «Just Too Good to Be True: another reason to beware of false eco-prophets», *Newsweek*, May 4.

En www.synaptic.bc.ca/ejournal/seattle2.htm

SMITH, Henry (1887): «Scraps from a diary. Chief Seattle. A gentleman by instinct. His native eloquence», *Seattle Sunday Star*, October 29.

En www.geocities.com/Athens/2344/chiefs3.htm

b) Datos históricos e fotografías:

www.historylink.org

NOTAS

¹ Ver anexo I.

² As negociacións recibiron moitas críticas por unha serie de razóns. Os tratados estaban escritos en inglés e tiñan que ser traducidos oralmente, porque os nativos non tiñan lingua escrita. A tradución era confusa e os indios non sabían o que asinaban. Os indios non entendían o concepto de autoridade sobre a terra, e as reservas ás que eran destinados eran moi pequenas. Tamén se acusou ó o gobernador Stevens de estar bébedo durante os consellos e de suprimir das actas un discurso de oposición do Xefe Leschi, dos indios nisqually, que sería aforcado en 1858 por promover supostamente o ataque coñecido como “Batalla de Seattle”.

³As consecuencias aínda están presentes hoxe en día. Ó non teren reserva, os duwamish tiveron que ir vivir ás reservas dos suquamish, tulalip, muckleshoot ou lummi. Moitos non o aceptaron e volveron ás súas terras, acabando os seus días na pobreza, mais ó menos con dignidade. Os duwamish cederon 54700 acres de terra, pero os Estados Unidos, despois dunha longa loita xudicial, tardaron case 120 anos en «recompensalos»: en 1971, o estado deulle 64 dólares a cada un dos 1000 duwamish censados. Nestes momentos, están preto de acadar o recoñecemento federal como tribo. Actualmente hai censados 570.

⁴ Traducido do inglés por Santiago Lopo

⁵ Traducido do inglés por Santiago Lopo

⁶ Ver anexo II.

⁷ Hansen é descendente do Xefe Seattle. Súa avoa está enterrada xunto á tumba do xefe, na reserva suquamish.

⁸ Traducido do inglés por Santiago Lopo